

MADRID

## O Congreso anima á RAE a revisar as acepcións pexorativas de "gallego"

A Xunta lembra que xa se retiraron eses significados da edición esencial do vocabulario

A Comisión de Educación do Congreso aprobou onte unha proposición non de lei na que anima á Real Academia Española (RAE) a estudar a "pertinencia" de que o seu dicionario mantenga as acepcións do termo "gallego" nas que este xeniticio aparece como sinónimo de "parvo" e "tatexo".

AXENCIAS &gt; MADRID

■ O texto aprobado foi unha emenda transaccional presentada a unha iniciativa do BNG. A redacción orixinal dos nacionalistas galegos demandaba directamente ao Goberno que fixese xestións ante RAE para lograr a supresión desas acepcións por consideralas unha "sinonimia prexuzosa, vexatoria e pexorativa".

Porén, os grupos parlamentarios limitáronse a suxerir á Real Academia que analice a "pertinencia" desas definicións nun texto no que recalcan o seu "respecto á autonomía" desta institución é ao "rigor metodolóxico que guía os seus criterios para fixar os usos do español". Ademais, a proposición non de lei insta ao Goberno a "interesarse" ante RAE por este asunto.

Na última edición do Dicionario da Lingua Española aparece como quinta acepción a definición de gallego como "parvo" ou "falto de entendemento ou razón", usada en Costa Rica; e como sexta, a que identifica este xeniticio con "tatexo", propia da República de El Salvador.


### SUPRESIÓN

O grupos parlamentarios desbotaron a intención inicial do BNG de suprimir as voces directamente

Os nacionalistas galegos remarcaban, na exposición de motivos da súa iniciativa, que a inclusión destes sinónimos pexorativos chocan co propósito de "fixar as voces e vocábulos da lingua castelá na súa maior propiedade, elegancia e pureza", que inspirou a creación da Real Academia Española en 1714. De feito, recordan que a principios do século XX a Academia xa suprimiu a definición de gallego como sinónimo de "bruto".

**Diferenzas** > O BNG admite que un dicionario debe recoller "os usos máis frecuentes do léxico en todos os territorios onde unha lingua estea presente", pero subliña que se ha de diferenciar "con rigor o que é denotativo do que é connotativo, prexuzoso ou xenófobo ou discriminatorio".

En opinión do grupo proponente, este "rigor" debe terse mesmo máis presente "no caso dos xeniticios", porque "non pode darse acollida a significados ou campos semánticos que sexan claramente atentatorios contra a dignidade e o respecto que todos os pobos merecen". Non obstante, engade que, no que caso destes significados non poidan obviarse por ser moi utilizados debe especificarse que responden a un uso



Francisco Rodríguez, durante unha intervención no Congreso

"coloquial, prexuzoso, vulgar ou chabacano".

Ademais, o BNG lamenta que as acepcións cuxa supresión defende ocupen os lugares quinto e sexto, por diante da que se refire ao idioma gallego, que ocupa o sétimo, e que se define simplemente como "lingua dos galegos". Compara esta situación coa da definición da palabra "catalán" no dicionario de RAE, cuxa referencia como lingua aparece na terceira

acepción e defínea como "lingua romance vernácula que se fala en Cataluña e noutros dominios da antiga Coroa de Aragón".

Preguntada sobre esta cuestión, a secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, mostrouse "convencida" de que a institución "irá retirando" do seu vocabulario estas acepcións. Ademais, apuntou que a versión esencial-reducida do dicionario xa non recolle as definicións.

ESTUDO

## Os nenos bilingües crean antes que os monolingües frases máis longas e complexas

AXENCIAS &gt; SANTIAGO

■ Os nenos bilingües constrúen antes que os monolingües frases "máis longas e complexas" sendo o seu vocabulario semellante, segundo destaca un estudo realizado por investigadores do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e de Educación da Universidade de Santiago (USC).

Estes investigadores adaptaron por primeira vez en España, e en galego, as escalas MacArthur-Bates empregadas para avaliar as habilidades comunicativas e lingüísticas dos máis pequenos. Este traballo consistiu en aplicar este instrumento a uns 1.100 nenos galegoafalantes de entre 8 e 30 meses de idade para coñecer o seu grao de desenvolvemento das capacidades comunicativas.

En xeral, o estudo tamén indica que as diferenzas individuais entre nenos "son extremadamente altas", que apenas existen distincións segundo o sexo do individuo e que a orde de nacemento parece ser unha variable que afecta ao desenvolvemento lingüístico durante o período entre os 16 e 30 meses.

Así, o estudo sinala que os nados en primeiro lugar producen un vocabulario máis extenso, usan frases máis longas e complexas e empregan a lingua de xeito despegado do seu contexto máis inmediato.

EMPREGO PÚBLICO

## Publicada a oferta de 3.125 prazas en Educación para este ano

AXENCIAS &gt; SANTIAGO

■ A Consellería de Educación publicou onte no DOG o decreto polo que se aproba a oferta de 3.125 prazas de emprego público correspondente ao persoal funcionario dos corpos docentes, a máis alta convocada na historia da Autonomía.

Do total de prazas pertencentes a 93 especialidades, 1.350 corresponden ao corpo de mestres; 994 ao de Secundaria; 90 ao de técnicos de Formación Profesional; 30 a Escolas Oficiais de Idiomas; 150 ao de música e artes escénicas e 19 ao de artes plásticas e deseño.

Ademais, a convocatoria tamén prevé, despois de once anos sen saír, 440 prazas de acceso a cátedra, das que 400 destinaranse ao corpo de Secundaria; e 25 ao de Escolas de Idiomas; e 15 ao de artes plásticas e deseño.

RAMÓN PIÑEIRO

## Cerca de vinte millóns de palabras rexistradas en 30 anos xa están na rede

AXENCIAS &gt; SANTIAGO

■ Os investigadores do idioma xa poden acceder a través de Internet á nova versión do Corpus de Referencia do Galego Actual (Corga), que recolle un total de 19,8 millóns de formas aparecidas en libros, revistas e xornais entre 1975 e 2004 e que permitirán afondar nos estudos sobre a evolución do galego.

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López; xunto co director do proxecto, Guillermo Rojo, e os seus coordinadores, Eva Domínguez e Mario Barcala; pre-

sentaron onte esta nova actualización do Corga, que foi realizado por primeira vez en 2001, cando contaba cun total de 12 millóns de fórmulas.

Rojo explicou que este recurso, posto en marcha polo Centro Ramón Piñeiro co apoio de Política Lingüística, é "imprescindible" para o coñecemento do idioma. Ademais, deu por cumprido o obxectivo de "lograr canto antes unha mostra representativa da realidade actual da lingua galega".

Porén, recoñeceu que os 20 millóns de formas constitúen un cor-



Marisol López e Guillermo Rojo presentan a iniciativa

pus "pequeno" comparado con outras linguas como o castelán, o catalán ou o alemán. Así, xustificou este feito apoiándose nas "condicións especiais do galego, que pasou por dificultades que non afectaron outras linguas".

Pola súa banda, Eva Domínguez, responsable do equipo lingüístico, detallou algunhas das características desta aplicación, que é gratuíta e á que se pode acceder a través do sitio web do Centro Ramón Piñeiro.